



TAXIS CON LICENCIA DO CONCELLO DE CEE

COMUNICADO: COVID 19.

OCUPACIÓN VEHÍCULO

Conforme a Orden do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana TMA/254/2020, de 18 de marzo, pola que se ditan instrucións en materia de transporte por estrada e aéreo, o artigo 3.4 [Condições de utilización de determinados medios de transporte terrestre de viaxeiros]: *Os **desprazamentos** levados a cabo en transporte público de viaxeiros en vehículo de turismo, ao amparo do disposto no artigo 7 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, **deberán facerse individualmente**, salvo que se acompañe a persoas con discapacidade, menores, maiores ou por outra causa xustificada.*

LIMPEZA

Deberán realizarse **medidas de limpeza extraordinarias**, consistentes nunha limpeza diaria por quenda, dos distintos elementos vinculados ao servizo de transporte (vehículos e infraestruturas), deixando, no seu caso, de realizarse outros labores de limpeza máis prescindibles ou reducindo a frecuencia de limpeza de zonas non críticas.

A desinfección realizarase con **desinfectantes de uso público en xeral**, como a lixivia ou cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 1.000 ppm de cloro activo (dilución 1:50 dunha lixivia con concentración 30-50 gramos por litro, preparada recentemente).

A técnica de limpeza a utilizar será a habitual, aínda que consistirá en aplicar a solución apuntada sobre cada un dos elementos descritos, de maneira que queden na súa totalidade bañados pola mesma e sometidos á súa acción desinfectante. A aplicación do produto non require aclarado.

En relación cos vehículos: Deberán centrarse na **desinfección diaria de superficies e puntos comúns ao tacto** tanto para as persoas usuarias como para os traballadores (posto de condución e cobranza, cadro de mandos, repisas, asideros, barras de suxeición, agarraderas, posabrazos e asentos, marcos inferiores de xanelas, mandos de apertura e canceladoras, etc.), así como a **eliminación diaria de refugallos**.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

ALCALDESA. Art. 21.1, letras a) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local.